



Enquisa de poboación activa. Módulo sobre habilidades profesionais

METODOLOXÍA

1. Introducción

A Enquisa Comunitaria de Forza de Traballo (EFT) é unha enquisa que se realiza de forma coordinada no ámbito de toda a Unión Europea, de acordo co indicado no regulamento 577/98 do Consello relativo á organización dunha enquisa por mostraxe sobre a poboación activa da Comunidade (diario oficial das Comunidades Europeas L-77, do 14 de marzo) ata 2020 e de acordo aos seguintes regulamentos a partir de 2021:

- Regulamento (UE) 2019/1700 do Parlamento Europeo e do Consello do 10 de outubro de 2019, polo que se establece un marco común para as enquisa europeas a fogares e
- Regulamento de execución (UE) 2019/2240 do 16 de decembro de 2019 así como outros regulamentos delegados e de execución polos que se establecen as variables, definicións e periodicidades de cada unha das variables da Enquisa de Forza de Traballo (EFT) europea que hai que proporcionar a partir do primeiro trimestre de 2021.

No caso de España, a EFT está incluída na Enquisa de Poboación Activa (EPA). A EPA axustouse ao regulamento 577/98 a partir do primeiro trimestre de 1999. Neste regulamento indícase que os segundos trimestres de cada ano debíanse introducir na EFT unha serie de preguntas sobre temas particulares relacionados co mercado laboral, polo que ata 2005 en España realizábase o módulo ad-hoc nestes trimestres, xunto coa EPA.

En 2005 publicouse o regulamento 430/2005 polo que se abría a posibilidade de proporcionar un conxunto de variables chamadas estruturais, para unha submostra anual representativa do conxunto do ano. Neste caso, a recollida da información correspondente aos módulos debería facerse, xunto coas variables de submostra, durante todo o ano e para unha sexta parte da mostra.

Por iso, en España, a partir de 2006, o cuestionario do módulo pregúntase ao longo de todo o ano, nas sextas entrevistas que é onde se recolle a información das variables da submostra.

A partir de 2021 e conforme o Regulamento Delegado (UE) 2020/256 da Comisión do 16 de decembro de 2019 polo que se completa o regulamento (UE) 2019/1700 do Parlamento Europeo e do Consello, establécese unha planificación plurianual de variables de modo que os módulos anuais

pasan a ser regulares e repítense cada oito anos. Ademais, cada catro anos, introdúcese un módulo novo que tratará sobre un tema diferente (módulo ad-hoc).

En 2022 recolleuse o módulo ad hoc sobre habilidades profesionais.

2. Obxectivo

Os obxectivos principais deste módulo son obter información sobre:

- Tempo dedicado a traballar con dispositivos dixitais, lectura de manuais, realización de cálculos relativamente complexos, realizar esforzos físicos, realizar tarefas que requiren destreza cos dedos, interactuar con persoas da mesma empresa ou alleas ou asesorar e formar a outras persoas.
- Grao de autonomía na orde e contido das tarefas do emprego principal.
- Repetitividade das tarefas e medida na que as tarefas se describen con precisión mediante procedementos estritos.

3. Ámbitos de investigación

Ámbito poboacional: o módulo vai dirixido a todas as persoas de 16 a 74 anos ocupadas ou non ocupadas que deixaron o seu último emprego nos dous últimos anos.

4. Deseño da enquisa

O deseño mostral do módulo habilidades profesionais coincide co da EPA, ao realizarse de forma conxunta, para un sexto da mostra trimestral, ao longo de todo o ano.

A EPA é unha enquisa por mostraxe, continua e de periodicidade trimestral que abrangue todo o territorio nacional. Está dirixida á poboación que reside en vivendas familiares principais, é dicir, as vivendas utilizadas todo ou a maior parte do ano como vivenda habitual e permanente. Non interveñen na enquisa nin os fogares colectivos (hospitais, residencias, cuarteis, conventos, ...) nin as vivendas secundarias ou de temporada.

Realízase unha mostraxe bietápica estratificada, onde as seccións censuais son as unidades de primeira etapa e as vivendas familiares as de segunda etapa. Enquísanse a todas as persoas que residen nas vivendas seleccionadas.

A mostra distribúese no espazo seguindo unha afixación de compromiso entre a proporcional e a uniforme. Distribúese á vez uniformemente ao longo das trece semanas que constitúen cada trimestre.

A mostra de seccións está dividida en seis submostras, chamadas quendas de rotación e cada trimestre substitúense as vivendas dunha quenda de rotación; deste xeito, cada familia é entrevistada durante seis trimestres consecutivos e é substituída por outra familia da mesma sección ao final dos seis trimestres.

O traballo de campo realizouse entre o 10 de xaneiro de 2022 e o 7 de xaneiro de 2023, que corresponde ao período de referencia do 4 de xaneiro de 2022 ao 31 de decembro de 2022.

5. Definicións

5.1. Poboación ocupada

Son as persoas de 16 e máis anos que durante a semana de referencia tiveron un traballo por conta allea ou exerceron unha actividade por conta propia, podendo estar durante esa semana:

- Traballando polo menos unha hora a cambio dun soldo, salario, beneficio empresarial ou ganancia familiar, en metálico ou en especie.
- Con emprego pero sen traballar, é dicir, ausentes do seu traballo por razóns de enfermidade ou accidente, vacacións, festas ou outras razóns análogas. Tamén se consideran dentro desta categoría as persoas que, estando suspendidas ou separadas do seu emprego como consecuencia dunha regulación de emprego, esperan reincorporarse á súa empresa.

5.2. Tempo dedicado a traballar con dispositivos dixitais

Proporción de tempo que o enquisado pasa usando ordenadores, tabletas e calquera tipo de teléfono móbil intelixente (exclúense as chamadas telefónicas). Débense ter en conta as seguintes actividades realizadas con estes dispositivos: navegar pola web, videoconferencias, ler e escribir correos electrónicos, ler e enviar mensaxes de texto (transmitidos por una rede móbil ou conexión a internet), traballar con procesadores de texto, editores de follas de cálculo, programas para realizar presentacións, ou calquera outro tipo de programa de ordenador ou aplicación de teléfono / tableta, etc.

5.3. Tempo dedicado a ler manuais e documentos técnicos relacionados co traballo

Os manuais e documentos técnicos relacionados co traballo son os que proporcionan información necesaria ou útil para a implementación das tarefas do traballo. Os documentos lidos para estar ao día no campo profesional da persoa ou para a propia formación só se teñen en conta si se len durante o horario laboral e permiten aos enquisados ser máis eficientes ou son necesarios para realizar tarefas no seu emprego principal.

Os documentos técnicos aos que se refire a pregunta son documentos relativamente complexos e detallados que requiren habilidades ou coñecementos específicos para ser entendidos. Poden incluír denuncias ou demandas, publicacións, leis, contratos, directrices e informes técnicos, facturas, etc. Pódense ler tanto en papel como en tabletas, ordenadores ou outros dispositivos electrónicos. Non se terán en conta documentos simples como correos electrónicos ou cartas.

5.4. Tempo dedicado a realizar cálculos relativamente complexos

Proporción de tempo que dedica a tarefas que requiren manipulación e transformación de información numérica.

As persoas que traballan en empresas pequenas como cafés, tendas de comestibles ou outras tendas, que regularmente fan cálculos elementais, sen facer ningún cálculo máis complexo deberán escoller a opción de “en ningún momento do tempo de traballo”.

5.5. Tempo dedicado a realizar esforzos físicos

Refírese a actividades como levantar, empuxar, tirar ou transportar obxectos, usar instrumentos pesados, levantar ou mover persoas (incluídos nenos), adoptar posturas fatigantes ou dolorosas (inclusive estar de pé durante moito tempo), usar a forza muscular en acción (soldados, policías, vixiantes), utilizar a bicicleta como vehículo para realizar o traballo (reparto) ou levar a cabo actividades deportivas profesionais.

Só se deben considerar nesta pregunta os casos nos que as condicións de traballo sexan fatigosas ou dolorosas para a maioría das persoas. Non se deben ter en conta os casos de persoas que teñen problemas de saúde específicos, como dor de ombreiros ou de costas.

5.6. Tempo dedicado a realizar tarefas que requiren destreza cos dedos

A resposta debe centrarse no hábil uso dos dedos, a capacidade de realizar movementos coordinados con precisión dos dedos para agarrar, manipular ou ensamblar obxectos, sempre que implique certo grao de precisión. Exemplos:

- Realizar intervencións cirúrxicas, por inxeccións, facer restauracións dentais ...

- Debuxar, pintar, esculpir ...
- Reparar e montar obxectos, maquinaria ...
- Decorar pasteis, bordar, tecer, ...
- Tocar instrumentos musicais.

Non se inclúen actividades manuais que non requiren precisión como a mecanografía, escritura a man, coller o teléfono, recoller froita ...

5.7. Tempo dedicado a interactuar con persoas da mesma empresa ou organización

Teranse en conta as interaccións cara a cara, por teléfono ou por vídeo chamada. Non se terán en conta as interaccións de forma escrita, mediante mensaxes de texto ou correos electrónicos.

Considéranse persoas da mesma empresa ou organización:

- Persoas da mesma empresa ou organización, incluso se traballan noutra unidade, departamento, edificio ou unidade local.
- Empregadores se traballan na mesma empresa.
- Traballadores como axudas familiares non remunerados que traballan na mesma empresa.
- Persoas subministradas á empresa ou organización de forma regular para realizar actividades relacionadas co negocio principal da empresa ou organización (por exemplo, traballadores postos a disposición da empresa a través dunha ETT).

Non se terán en conta como persoas da mesma empresa:

- Empregadores que non traballan nela (por exemplo, cando os empregadores son fogares).
- Persoas que realizan actividades que están subcontractadas a outra empresa, incluso se traballan regularmente, se as actividades que realizan non están relacionadas co negocio principal da empresa (como a limpeza, catering ...).
- Man de obra subministrada ocasionalmente á empresa por outras empresas, persoas que realizan traballos de reparación e mantemento na empresa do entrevistado no nome de outras empresas.
- Empresas unipersoais ou traballadores en nómina de outra empresa, aínda que traballen no mesmo espazo coworking, espazo compartido.

Só se teñen en conta as interaccións con fins relacionados co traballo.

5.8. Tempo dedicado a interactuar con persoas externas á empresa ou organización

Inclúense entre as persoas alleas á empresa ou organización:

- Clientes, pacientes (no caso de profesionais sanitarios); alumnos, estudantes (para docentes, etc.); nenos, persoas maiores, persoas con discapacidade (para coidadores profesionais); pasaxeiros (para taxistas, condutores de autobuses, azafatas, etc.); visitantes (para persoas que traballan en museos, etc.); empregadores ou a familia do empregador no caso de persoas empregadas nun fogar (para traballadores de limpeza, xardinería, profesores particulares, etc.), etc.
- Traballadores de empresas que son clientes da empresa do enquisado, de empresas provedoras, de bancos, persoas alleas á empresa que traballan na mesma obra, etc.
- Persoas doutra organización que colaboren estreitamente.

5.9. Tempo dedicado a asesorar, formar ou ensinar a outras persoas

Teranse en conta as interaccións cara a cara, por teléfono ou por vídeo chamada. Non se terán en conta as interaccións en forma escrita, por mensaxes de texto ou por correos electrónicos. Tampouco se deben ter en conta as leccións gravadas en vídeo pois non implican interacción social.

O asesoramento ao que se refire esta pregunta pode ser tanto sobre cuestións persoais (por exemplo, no caso dun psicólogo) como profesionais (por exemplo, asesorar a compañeiros ou a colegas). A formación pode ser sobre prácticas laborais (formación de novos compañeiros) ou sobre calquera outro tema (inclusive o deporte). A docencia pode ser sobre coñecementos que poden ser útiles no mercado laboral ou non. Tamén se terá en conta o ensino de instrumentos musicais.

Non se terá en conta dar consellos a compañeiros de traballo sobre cuestións non relacionadas co emprego.

5.9. Grao de influencia sobre a orde e contido das tarefas

Trata de proporcionar unha medida de ata que punto o enquisado cree que pode influír na forma na que realiza ou seu traballo. Non se intenta medir a influencia real, senón a súa percepción subxectiva.

Influír no contido das tarefas significa que os enquisados teñen certa liberdade para decidir como realizar as súas tarefas: os enfoques, métodos, ferramentas ou fontes de información utilizadas. Os enquisados tamén poden ter liberdade para decidir sobre o alcance ou as características exactas do resultado.

5.10. Grao de repetición

A repetición de tarefas da mesma forma refírese a unha tarefa de traballo que se implementa frecuentemente sen ningunha variación, cambio ou adaptación. Por exemplo, as persoas que responden a correos electrónicos durante todo o día deben consideran que as tarefas son repetitivas se o contido dos seus correos electrónicos é sempre similar. Da mesma maneira, profesionais como perruqueiros e telefonistas tamén poden considerar que as súas tarefas son repetitivas.

5.11. Grao de precisión

Trata de describir ata que punto o enquisado ten que seguir procedementos estritamente definidos para realizar as tarefas laborais.

Os procedementos estritos son regras que especifican o momento oportuno e a orde na que se deben realizar as accións, o método que se utilizará para realizar as accións, o método que se utilizará para realizar unha tarefa determinada, así como o uso e a comunicación dos seus resultados. Exemplos de estes procedementos escritos poden ser protocolos médicos, plans de actuación, receitas de cociña, etc.